

## O SECTOR EXTERIOR GALEGO. SITUACIÓN E TENDENCIAS ACTUAIS

JOSÉ CARLOS DE MIGUEL DOMÍNGUEZ

Departamento de Econometría e Métodos Cuantitativos  
Universidade de Santiago de Compostela

MIGUEL ÁNGEL OTERO SIMÓN

Departamento de Organización de Empresas  
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Comercio Exterior, Comercio Internacional, Estadística Aplicada, Econometría.*

Key words: *The Foreign Galician Sector, Current situation and trends.*

### Resumo

*Na primeira parte do presente traballo lévase a cabo unha análise da evolución recente e da situación actual do sector exterior galego, tomando para iso como marco de referencia o comercio exterior español. Isto hános servir de base para, nunha segunda parte, tratar de determinar cales son as tendencias actuais do mesmo, de acordo coa análise estatística dos distintos sectores económicos que o compoñen.*

*A determinación destas tendencias, vainos permitir realizar extrapolacións sobre o seu comportamento inmediato; e, ademais, centrándonos xa exclusivamente na vertente exportadora, detectar cales son los principais sectores ou grupos de produtos en expansión ("auge") ou en recesión ("declive").*

### Abstract

*In the first part of this paper an analysis on the recent evolution and current situation of the Galician foreign sector is carried out, using*

*the Spanish Foreign trade as a reference point. This analysis provides a base for the second part of the paper, in which current trends can be determined through the statistical analysis of the different Spanish economic foreign sectors.*

*The determination of these trends will allow us to carry out extrapolations over its immediate conduct. Furthermore, by focusing exclusively on the export side, we can detect which are the principal sectors —or groups of products— in expansion ("auge") or in recession ("declive").*

### 1. INTRODUCCIÓN

O contorno económico actual está caracterizado por dous aspectos fundamentais: o crecente proceso de internacionalización da economía e, no caso español, a paulatina integración no Espacio Económico Europeo.

Neste contexto a importancia do sector exterior é cada vez maior, polo que convén prestar unha especial atención á análise da súa evolución e tendencias, xa que son un fiel reflexo da nosa competitividade internacional.

O presente traballo pretende levar a cabo esta análise referida ó comercio exterior galego, para iso, nunha primeira parte, analizámolo a situación e evolución recente do mesmo; posteriormente, na segunda parte do traballo, determinamos cales son as súas tendencias actuais, identificando ademais, dentro do mesmo, aqueles sectores en expansión ou en declive.

## 2. SITUACIÓN ACTUAL

A síntese actual do Sector Exterior Galego non é precisamente favorable. O Cadro 1 mostraos os compoñentes da balanza comercial galega no ano 1991, onde cómpre destacar tres aspectos fundamentais:

CADRO 1			
BALANZA COMERCIAL GALEGA 1991 <sup>1</sup>			
CONCEPTO	IMPORTE	% Δ 91/90	% TOTAL ESPAÑOL
Importacións	420.583	1'3 %	4'3 %
Exportacións	265.589	-4'6 %	4'2 %
Saldo comercial	-154.994	13'4 %	4'5 %
Taxa de cobertura	63'15	-3'9 %	

<sup>1</sup> Millóns de pesetas.

a) En primeiro lugar, o estancamento do noso comercio exterior que, tanto no ámbito importador coma exportador, rexistrara unha notable taxa de crecemento nos anos posteriores á nosa adhesión á CEE e especialmente a partir de 1988. En 1991 as nosas importacións a penas experimentaron crecemento ningún, tan só un 1'35% en relación ó ano anterior.

Do lado das exportacións, a situación é aínda peor, xa que estas diminúen nun 4'6% en relación a 1990. A parte máis importante do retroceso exportador atópase nos produtos enerxéticos, onde pasamos de exportar 25.121 millóns de pesetas en 1990 a tan só 15.382

millóns de pesetas en 1991, o que representa unha diminución do 38'7% en relación co ano anterior; non obstante, as exportacións non enerxéticas tamén presentaron un crecemento negativo, pasando dunha cifra de 253.270 millóns de pesetas en 1990 a 250.207 millóns de pesetas en 1991, é dicir, unha mingüa de 3.603 millóns de pesetas (un 1'2%).

b) En segundo lugar, e como consecuencia do anterior, produciuse un notable *incremento do noso déficit comercial* que alcanza neste ano a cifra de 154.994 millóns de pesetas, o maior déficit comercial da nosa historia, e que representa un incremento do 13'4% sobre o ano anterior. O deterioro da nosa situación comercial maniféstase tamén na nosa taxa de cobertura que, como se sabe, representa a porcentaxe das importacións que somos capaces de financiar coa nosa exportación, e que se sitúa neste ano tamén no mímino histórico do 63'15%, cunha reducción de 3'9 puntos sobre o ano anterior.

c) Finalmente, hai que destaca-lo *elevado grao de concentración* do noso comercio exterior. Esta concentración prodúcese tanto no seu ámbito xeográfico, coma na súa composición e na súa estructura.

No ámbito xeográfico interno (Cadro 2) destaca o feito de que dúas provincias canalizan ó pé de 90% do noso comercio exterior; A Coruña cun 36% do total e Pontevedra cun 53%. Son precisamente estas dúas provincias as que contribúen en máis do 100% ó noso déficit comercial, xa que Lugo e Ourense presentan en conxunto un superávit de 18.967 millóns de pesetas na súa balanza comercial. Esta concentración tamén pode observarse no ámbito externo e, como mostra o Cadro 3, a maior parte do noso movemento comercial canalízase a través da CEE e, dentro dela, cara a tres países que acaparan o 43'3% do total do noso comercio exterior: Francia que absorbe o 24'6% do total, Portugal cun 10'8% e Italia co 7'9% (Gráfico 1).

O Cadro 4 preséntanos a composición sectorial do comercio exterior galego. Nel podemos observar que tan só catro sectores presentan superávit no seu saldo comercial:

PROVINCIAS	CADRO 2					
	BALANZA COMERCIAL GALEGA 1991 POR PROVINCIAS <sup>1</sup>					
	IMPORTACIÓN		EXPORTACIÓN		SALDO COMERCIAL	TAXA DE COBERTURA
	TOTAL	% <sup>1</sup>	TOTAL	% <sup>1</sup>		
A Coruña	183.602	43'65	65.619	24'71	-117.983	35'74
Lugo	18.131	4'31	26.972	10'16	8.841	148'76
Ourense	9.167	2'18	19.293	7'26	10.126	210'46
Pontevedra	209.683	49'86	153.705	57'87	-55.978	73'30
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>420.583</b>	<b>100%</b>	<b>265.589</b>	<b>100%</b>	<b>-154.994</b>	<b>63'15%</b>


<sup>1</sup> Millóns de pesetas.

	CADRO 3				
	BALANZA COMERCIAL GALEGA 1991 POR ÁREAS XEOGRÁFICAS <sup>1</sup>				
	EXPORTACIÓN	IMPORTACIÓN	SALDO	% SOBRE TOTAL	
				EXPORT.	IMPORT.
<b>TOTAL</b>	<b>265.589</b>	<b>420.583</b>	<b>-154.994</b>	<b>100</b>	<b>100</b>
<b>CEE</b>	<b>196.896</b>	<b>216.405</b>	<b>-19.509</b>	<b>74'14</b>	<b>51'45</b>
Francia	70.802	98.350	-27.548	26'65	23'38
Bélgica	3.504	3.057	447	1'32	0'73
Países Baixos	15.468	9.687	5.781	5'82	2'30
Alemania	16.078	19.773	-3.695	6'05	4'70
Italia	33.184	21.201	11.983	12'49	5'04
Reino Unido	12.125	29.572	-17.447	4'56	7'03
Irlanda	970	2.156	-1.186	0'36	0'51
Dinamarca	865	1.392	-527	0'36	0'33
Grecia	747	436	311	0'28	0'12
Portugal	43.153	30.781	12.372	16'25	7'31
<b>NON CEE</b>	<b>68.693</b>	<b>204.178</b>	<b>-135.485</b>	<b>25'86</b>	<b>48'55</b>
<b>Desenvolvidos</b>	<b>23.962</b>	<b>42.661</b>	<b>-18.669</b>	<b>9'02</b>	<b>10'14</b>
EE.UU.	10'014	22.999	-12.985	3'77	5'47
Canadá	373	1.379	-1.006	0'14	0'33
Xapón	3.916	1.898	2.018	1'48	0'45
Resto Europa	9.659	16.385	-6.726	3'63	3'89
Comecon Europa	1.859	7.770	-5.911	0'70	1'85
<b>En desenvolvimento</b>	<b>42.872</b>	<b>153.747</b>	<b>-110.875</b>	<b>16'14</b>	<b>36'56</b>
América Latina	11.128	47.588	-36.460	4'19	11'31
N.P.I.	2.464	2.671	-207	0'93	0'63
Resto mundo	29.280	103.487	-74.207	11'02	24'61

<sup>1</sup> Millóns de pesetas.

Gráfico 1

BALANZA COMERCIAL GALEGA 1991  
DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA



CADRO 4

BALANZA COMERCIAL 1991 POR SECTORES<sup>1</sup>

SECTOR	EXPORT.	%	IMPORT.	%	SALDO	COBERTURA
<i>Sector Primario</i>	69.232	26'1	136.715	32'5	-67.483	50'6
• Productos agrícolas	44.354	16'7	111.569	26'5	-67.215	39'7
• Materias primas	24.878	9'4	25.146	6'0	-268	98'9
<i>Semimanufacturas</i>	54.957	20'7	42.746	10'2	12.211	128'6
• Industria química	12.120	4'5	20.904	5'0	-8.784	58'0
• Metais	24.754	9'3	18.973	4'5	5.781	130'5
• Outras semimanufacturas	18.083	6'9	2.869	0'7	15.214	630'3
<i>Manufacturas</i>	126.018	47'4	151.930	36'1	-25.912	82'9
• Bens de equipo	114.904	43'2	124.040	29'5	-9.136	92'6
— Maquinaria	11.465	4'3	66.368	15'8	-54.903	17'3
— Mat.transp.	103.439	38'9	57.672	13'7	45.767	179'4
• Bens de consumo	11.114	4'2	27.890	6'6	-16.776	39'8
— Peletería	2.014	0'8	1.635	0'4	379	123'3
— Textil	5.333	2'0	17.736	4'2	-12.403	30'1
— Outros	3.767	1'4	8.519	2'0	-4.752	44'2
<b>TOTAL NON ENERXÉTICOS</b>	<b>250.207</b>	<b>94'2</b>	<b>331.391</b>	<b>78'9</b>	<b>-81.184</b>	<b>75'5</b>
<b>PRODUCTOS ENERXÉTICOS</b>	<b>15.382</b>	<b>5'8</b>	<b>89.192</b>	<b>21'2</b>	<b>-73.810</b>	<b>17'2</b>
<b>TOTAL BALANZA COM.</b>	<b>265.589</b>	<b>100</b>	<b>420.583</b>	<b>100</b>	<b>-154.994</b>	<b>63'2</b>

<sup>1</sup> Millóns de pesetas.

material de transporte, peletería, semimanufacturas metálicas e outras semimanufacturas. Tamén obsevamos que a maior parte do noso déficit comercial está explicado por dous sectores específicos: o enerxético e o agrícola, sendo quizais este último un tanto sorprendente, dado que a nosa estructura productiva e social está ligada principalmente a ese sector, onde se inclúen —ademas dos productos agrícolas e gandeiros— os pesqueiros e os seus derivados. Tamén neste ámbito, o grao de concentración é moi elevado. O Cadro 5 móstranos como só catorce dos noventa e nove capítulos que componen a nosa clasificación arancelaria representan un 80% do noso comercio exterior; e, de entre eles, os catro primeiros —automóbiles, combustibles, peixe e maquinaria, mecánica— supoñen un 60% do total.

Finalmente, e en relación a súa estructura, o Cadro 6 recolle as principais empresas do sector exterior galego. Nel obsérvase como só tres empresas canalizan o 41'4% do volume total do noso comercio exterior; delas, a primeira —cun 22'4% do total— é a multinacional francesa CITROEN HISPANIA; as dúas seguintes —cun 19%— son as empresas estatais REPSOL PETRÓLEO e o GRUPO ALÚMINA-ALUMINIO. Isto móstranos que a estructura empresarial do noso sector exterior está dividida nun, por unha parte, grupo moi reducido de grandes empresas, na súa maioría foráneas, que canalizan arredor da metade das nosas transaccións exteriores e, por outra banda, un amplio número de empresas de reducida dimensión que a través de transaccións de pequeno volume canalizan o resto.

CADRO 5					
PRINCIPALES CAPÍTULOS DO COMERCIO EXTERIOR GALEGO 1991 <sup>1</sup>					
CAP.	DESCRICIÓN	IMPORTACIÓN	EXPORTACIÓN	VOLUME TOTAL	% TOTAL
87	Automóbiles	55.146	86.824	141.970	20'7
27	Combustibles	89.192	15.381	104.573	15'2
03	Peixes	73.003	25.453	98.456	14'3
84	Maq. mecánica	57.876	6.992	64.868	9'4
76	Aluminio	3.557	16.405	19.962	2'9
44	Madeira	10.143	9.417	19.560	2'9
89	Navegación marít.	2.367	16.573	18.940	2'8
68	Lousa	926	16.494	17.420	2'5
72	Fundición ferro	7.893	5.682	13.575	2'0
85	Maq. eléctrica	8.492	4.473	12.965	1'9
16	Conservas peixe	4.799	8.107	12.906	1'9
23	Sobrantes aliment.	9.657	273	9.930	1'4
25	Granito	1.995	7.850	9.845	1'4
39	Plásticos	7.140	1.725	8.865	1'3
SUMA		332.186	221.649	553.835	
TOTAL GALICIA		420.583	265.589	686.172	
% S/TOTAL		79'0%	83'5%	80'7%	

<sup>1</sup> Millóns de pesetas.

CADRO 6				
PRINCIPALES EMPRESAS DO SECTOR EXTERIOR GALEGO 1991 <sup>1</sup>				
EMPRESA	IMPORTACIÓN	EXPORTACIÓN	VOLUME TOTAL	% TOTAL
Citroen Hispania	81.097	72.493	153.590	22'4
Repsol Petróleo	80.926	16.228	97.154	14'1
Grupo Alúmina	11.990	21.765	33.755	4'9
Pescanova	11.383	3.767	15.150	2'2
Grupo Zara	7.145	3.254	10.399	1'5
E.N. Celulosas	2.349	6.812	9.161	1'3
U.C. Castro-Caride	2.921	4.048	6.969	1'0
SUMA	197.811	128.367	326.178	
TOTAL GALICIA	420.583	265.589	686.172	
% S/TOTAL	47'0%	48'3%	47'5%	

<sup>1</sup> Millóns de pesetas.

CADRO 7						
COMERCIO EXTERIOR ESPAÑOL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS 1991 <sup>1</sup>			ÍNDICE DE APERTURA EXTERIOR		TAXA COBERTURA EXTERIOR	
VOLUME DE COMERCIO EXTERIOR	COMUNIDADE AUTÓNOMA	ÍNDICE APERTURA (%)	VOLUME	%	COMUNIDADE AUTÓNOMA	TAXA COBERTURA (%)
1. Cataluña	4.488.699	28'2	1. Navarra	55'1	1. Extremadura	177'1
2. Madrid	2.985.621	18'8	2. País Vasco	40'2	2. Aragón	158'4
3. Valencia	1.721.508	10'8	3. Cataluña	39'4	3. Valencia	148'7
4. Andalucía	1.415.147	8'9	4. Madrid	32'0	4. Navarra	113'1
5. País Vasco	1.332.962	8'4	5. Valencia	29'3	5. Murcia	107'2
6. Galicia	686.172	4'3	6. Aragón	29'2	6. País Vasco	101'3
7. Castela-León	658.802	4'1	7. Murcia	24'6	7. Asturias	98'5
8. Aragón	545.887	3'4	8. Galicia	21'4	8. Castela-León	90'4
9. Navarra	460.602	2'9	9. Castela-León	20'5	9. Andalucía	86'3
10. Canarias	423.940	2'7	10. Canarias	20'5	10. A Rioxa	84'7
11. Murcia	307.420	1'9	11. Cantabria	20'4	11. Cantabria	77'5
12. Asturias	240.357	1'5	12. Andalucía	20'1	12. Castela-A Mancha	70'4
13. Castela-A Mancha	200.995	1'4	13. Asturias	17'4	13. Galicia	63'2
14. Baleares	181.914	1'1	14. A Rioxa	16'0	14. Baleares	55'2
15. Cantabria	141.113	0'9	15. Baleares	13'0	15. Cataluña	49'9
16. A Rioxa	65.473	0'4	16. Castela-A Mancha	10'6	16. Madrid	24'9
17. Extremadura	41.207	0'3	17. Extremadura	4'1	17. Canarias	22'9
TOTAL ESPAÑOL	15.897.819	100	TOTAL ESPAÑOL	28'3	TOTAL ESPAÑOL	64'4

<sup>1</sup>Millóns de pesetas.

Esta triple concentración xeográfica, sectorial e empresarial representa unha das maiores debilidades do noso sector exterior.

Esta análise da situación quedaría incompleta se non se realizara dentro dun marco de referencia concreto. No Cadro 7 atopámoloas principais magnitudes do noso comercio exterior comparadas coas das restantes Comunidades Autónomas que componen o Estado español.

A primeira magnitude que nel se reflicte é o *volume total de comercio exterior*, é dicir, a suma de importacións e exportacións, que nos sitúa no sexto lugar do "ranking" español, inmediatamente detrás das rexións máis industrializadas de España. Esta magnitud é importante, pero non considera as diferencias de potencial e desenvolvemento económico das distintas Autonomías; para iso, introducimos unha segunda magnitud —o *índice de apertura exterior*— que pondera o peso do sector exterior dentro do conxunto dunha economía; o índice obtense por cociente entre a suma de importacións e exportacións, e o PIB. De acordo con este, Galicia ocuparía o oitavo posto cun índice de apertura do 21'4% inferior á media nacional

(28'3%). En relación a este índice é importante sinalar que tende a ser máis elevado canto maior é o nivel de desenvolvemento económico dun país; así, algúns países altamente desenvolvidos e moi competitivos —como Alemaña, Holanda, etc.— alcanzan índices con valores moi próximos ou mesmo superiores ó 100%.


A terceira magnitud que aparece neste Cadro é a *tasa de cobertura exterior* (cociente entre exportacións e importacións) que, como xa indicamos, reflicte a parte das nosas importacións que son cubertas coas nosas exportacións. É, en definitiva, un indicador da nosa competitividade internacional; neste caso, a nosa Comunidade ocupa o décimoterceiro lugar, cunha taxa de cobertura do 63'2%, lixeiramente inferior á media nacional (64'4%).

Dado o obxectivo deste traballo non nos imos deter a analiza-las causas que motivaron esta situación, aínda que poden apuntarse algunas moi significativas, como a "apatía" da economía internacional, a desaceleración da economía española, as medidas de axuste económico tendentes a conte-la inflación e o déficit público e, sobre todo, a fortaleza da nosa divisa.


CADRO 8							
EVOLUCIÓN DO SECTOR EXTERIOR							
COMERCIO EXTERIOR ESPAÑOL							
CONCEPTO	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
Volume (mill. pts.)	9.174.940	8.689.206	10.225.461	11.725.892	13.715.988	14.557.532	15.897.819
Índice apertura exterior	33'0	31'3	28'2	32'4	30'2	31'7	28'3
Taxa de cobertura	69'5	66'7	69'6	66'5	62'2	63'3	64'4

COMERCIO EXTERIOR GAI EGO							
CONCEPTO	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
Volume (mill. pts.)	202.329	214.234	268.980	500.096	602.691	693.393	686.172
% S/Volume español	2'2	2'4	2'6	4'3	4'4	4'7	4'3
Índice apertura exterior	12'3	13'1	12'6	23'3	22'9	26'3	21'4
Taxa de cobertura	187'5	118'9	110'2	71'2	69'1	67'1	63'2

Gráfico 2  
EVOLUCIÓN BALANZA COMERCIAL



Evolución Balanza Comercial Galega



### 3. EVOLUCIÓN RECENTE

Tan importante como analiza-la situación actual do noso sector exterior é ver cal foi a súa evolución máis recente, xa que nos explica como temos chegado ó presente e, ademais, nos permite aproximar unha tendencia futura.

O Cadro 8 permítenos compara-la evolución das nosas principais magnitudes comerciais co contexto español; del interésanos destacar dous aspectos:

a) En primeiro lugar, o importante crecemento que experimentou o noso comercio exterior ó longo dos 7 anos contemplados —moi por riba do alcanzado por España—, o que nos permitiu ter un maior peso no mesmo e aproximarnos ó seu índice de apertura.

b) En segundo lugar, a desfavorable evolución da nosa taxa de cobertura, xa que temos pasado de exporta-lo 187'5% do que importábamos en 1985 a exportar só un 63'2% do importado en 1991; isto indica que o devandito crecemento foi bastante desequilibrado, ó ser moito maior o experimentado na vertente importadora (Gráfico 2).

É importante observar como o ano 1988 destaca en relación ós dous aspectos anteriores. En 1988 o volume de comercio exterior case se duplica en relación ó ano anterior e o saldo da balanza comercial cambia de signo, pasando dun superávit de 13.040 millóns de pesetas en 1987 a un déficit de 84.192 millóns de pesetas nese ano. En definitiva, 1988 marca un cambio de tendencia no noso comercio exterior por esta razón utilizarémolo como punto de partida nesta análise.

O Cadro 9 permítenos observa-la variación que se produció na nosa balanza comercial nestes anos e comparala co contexto español. Destaca a desigual variación de importacións e exportacións. As nosas importacións experimentaron durante estes anos un crecemento do 43'9%, superior ó que se produció en España (37'4%); pola contra, a expansión das nosas exportacións, tan só un 27'7%, foi inferior ó que alcanzaron en España (32'8%); esta desigual taxa de crecemento (43'9% nas importacións fronte ó 27'7% das nosas exportacións) foi a causa do empeoramento do noso déficit comercial, que se viu incrementado nun 84'1%.

Esta evolución non se manifestou da mesma forma no ámbito provincial, como nos

CADRO 9									
EVOLUCIÓN DAS BALANZAS COMERCIAIS <sup>1</sup>									
BALANZA COMERCIAL ESPAÑOLA <sup>1</sup>				BALANZA COMERCIAL GALEGA <sup>1</sup>					
CONCEPTOS	ANO 1988	ANO 1991	% Δ 1988-91	ANO 1988	% S/TOTAL ESPAÑOL	ANO 1991	% S/TOTAL ESPAÑOL	% Δ 1988'91	
Importación	7.039.515	9.672.149	37'4	292.144	4'1	420.583	4'3	43'9	
Exportación	4.686.376	6.225.670	32'8	207.952	4'4	265.589	4'2	27'7	
Saldo	-2.353.140	-3.446.479	46'5	.84.192	3'5	-154.994	4'5	84'1	
Taxa cobertura	66'5	64'4 %		71'2		-63'2			
Índice apertura	32'4	28'3		23'3		21'4			

<sup>1</sup> Millóns de pesetas.

mostra o Cadro 10. A provincia de Pontevedra destaca como a máis dinámica, cun forte incremento do seu comercio, tanto importador coma exportador; por contra, a provincia de Lugo viu reducidas ámbalas dúas áreas. Especial mención merece a provincia de Ourense, que é a única que consegue, gracias ó seu pulo exportador, mellora-lo seu saldo comercial e a súa taxa de cobertura.

Finalmente, o Cadro 11, ofrece unha visión dos cambios producidos na composición sectorial do noso comercio exterior. Nel pode observarse un comportamento moi diferenciado e nada homoxéneo dos mesmos. No ámbito da exportación, tres sectores experimentaron retroceso: o sector enerxético (un 42'3%), o peleteiro (un 22'2%) e o das semimanufacturas metálicas (un 7'6%); sen embargo, o incremento máis notable prodúcese no textil, cun 16'9%. No ámbito importador destaca a reducción producida nas importacións do sector peleteiro (un 40'8%) que, ademais, cambia o signo do seu saldo comercial, así como o notable incremento producido na importación de textís (un 229'2%).

#### **4. TENDENCIAS ACTUAIS**

Esta parte do traballo ten dous obxectivos diferenciados:

En primeiro lugar, realizar unha previsión sobre a evolución futura do noso comercio exterior, baseándonos na extrapolación estatística das tendencias observadas nos distintos sectores económicos (EVOLUCIÓN E TENDENCIA SECTORIAL).

En segundo lugar, analiza-los capitais arancelarios nos que a nosa exportación presenta maiores taxas de crecemento ou decrecemento (SECTORES EN AUXE OU EN DECLIVE).

O método estatístico utilizado en ámbolos dous casos é a regresión lineal simple, tomando para iso os datos referidos ós últimos catro anos, isto é, desde 1988, xa que este ano, como xa temos indicado, determina un importante cambio na traxectoria ou tendencia do noso

comercio exterior, polo que parece conveniente, tomalo como base da análise.

#### **4.1. EVOLUCIÓN E TENDENCIA SECTORIAL**

O Cadro 12 mostrános cal foi a evolución real do noso comercio exterior e dos sectores económicos que o compoñen; ó memo tempo móstranos os parámetros correspondentes á recta de regresión axustada e a súa extrapolación a 1992. A representación gráfica destes datos aparece recollida no Gráfico 3.

Da información que se recolle no Cadro 12 é importante destacar, en primeiro lugar, que a pendente da recta de regresión calculada para o total das importacións é superior á pendente correspondente ó total de exportacións; isto significa có crecemento das importacións tende a ser maior que o crecemento das exportacións, polo que, se non se corrixen estas tendencias, o noso desequilibrio ou déficit comercial hase ir incrementando co paso do tempo.

Por outra parte, esta tendencia cara o desequilibrio ou déficit comercial afecta a case tódolos sectores económicos aínda que en distinta medida. Tan só tres sectores presentan unha tendencia cara a mellora da súa situación (superávit) comercial: Material de transporte, Outras semimanufacturas e Peletería; aínda que este último presenta un crecemento negativo. Nos restantes sectores a tendencia é en maior ou menor medida cara o incremento do seu déficit comercial.

#### **4.2. SECTORES EN AUXE E EN DECLIVE**

Do dito anteriormente, dedúcese a necesidade de corrixi-las tendencias actuais do noso comercio exterior, co obxectivo de ir mellorando, pasenxamente, o noso déficit comercial. Isto pode conseguirse simultaneamente por dúas vías: reducindo as nosas importacións a través da súa sustitución por produtos nacionais ou ben incrementando as nosas exportacións, o que sen lugar a dúbidas supón mellora-la nosa competitividade internacional.

EVOLUCIÓN PROVINCIAL DA BALANZA COMERCIAL GALEGA <sup>1</sup>								
PROVINCIA	ANO 1988			ANO 1991				
	EXPORT.	IMPORT.	SALDO	COBERTURA	EXPORT.	% Δ	IMPORT.	% Δ
A Coruña	59.040	140.749	-81.709	41'9	65.619	11'1	183.602	30'4
Lugo	33.264	20.282	12.982	164'0	26.972	-18'9	18.131	-10'6
Ourense	13.040	6.597	6.443	197'6	19.293	47'9	9.167	38'9
Pontevdra	102.610	124.516	-21.906	82'40	153.705	49'8	209.683	68'4
TOTAL	207.954	292.144	-84.190	71'2	265.589	27'7	420.583	43'9
GALICIA	4.686.376	7.039.516	-2.353.140	.66'6	6.225.670	32'8	9.672.149	55'3
TOTAL ESPAÑA							-3.446.479	-3'4

<sup>1</sup> Millóns de pesetas.


SECTORES	ANO 1988			ANO 1991			% Δ	SALDO	COBERTURA
	EXPORT.	IMPORT.	SALDO	EXPORT.	% Δ	IMPORT.			
<i>Sector primario</i>									
• Prod. agrícolas	54.701	100.822	-46.751	53'6	69.232	28'0	136.715	35'6	-67.483
• Mat. primas	30.048	85.256	-55.208	36'4	44.354	47'6	111.569	30'8	-67.215
	24.023	15.566	8.457	154'3	24.878	3'5	25.146	61'5	-268
<i>Semifacturas</i>									
• Ind.-Química	54.460	37.087	17.373	146'8	54.957	0'9	42.746	15'2	12.213
• Metais	11.684	14.086	-2.402	82'9	12.120	3'7	20.904	48'4	-8.784
	26.697	21.064	5.633	126'7	24.754	7'6	18.973	90'0	5.781
• Outras	16.079	1.937	14.142	830'1	18.083	12'4	2.869	48'1	15.214
<i>Manufacturas</i>									
• Bens de equipo	72.737	81.393	-8.656	89'4	126.018	73'2	151.930	86'6	-25.912
— Maquinaria	66.043	69.360	-3.317	95'2	114.904	74'0	124.040	78'8	-9.136
— Mat.transp.	8.304	38.511	-30.207	21'5	11.465	38'0	66.368	72'3	-54.903
	57.739	30.849	26.890	187'2	103.439	79'1	57.672	86'9	45.767
• Bens de consumo	6.694	12.033	-5.339	55'6	11.114	66'0	27.890	131'8	-16.776
— Peletería	2.590	2.765	-175	93'6	2.014	-22'2	1.635	40'8	379
— Testiles	1.981	5.387	-3.406	36'8	5.333	169'2	17.736	229'2	-12.403
— Outros	2.123	3.881	-1.758	54'7	3.767	77'4	8.519	119'5	-5.052
TOTAL NON ENERXÉTICO	181.268	219.302	-38.034	82'6	250.207	38'0	331.391	51'1	-81.184
PROD.ENERXÉTICOS	26.684	72.842	-46.158	36'6	15.382	-42'3	89.192	22'4	-73.810
TOTAL BALANZA	207.952	292.144	-84.192	71'2	265.589	27'7	420.583	43'9	-154.994

<sup>1</sup> Millóns de pesetas.






CADRO 12								
EVOLUCIÓN E PREVISIÓN SECTORIAIS								
SECTOR	EXPORTACIÓN				REGRESIÓN			ESTIMACIÓN
	DATOS REAIS				CTE.	PTE.	R <sup>2</sup>	
	1988	1989	1990	1991				1992
Prod. agrícolas	30.051	35.495	38.654	44.357	25.620	4.607	0'988	48.658
Mat. primas	24.021	23.912	24.952	24.879	23.538	361	0'717	25.344
Ind. química	11.684	12.319	12.767	12.120	11.783	175	0'254	12.661
Metais	26.696	30.654	26.455	24.754	29.646	-1.002	0'268	24.633
Outras semimanufact.	16.078	17.989	18.505	18.083	16.031	653	0'608	19.296
Maquinaria	8.303	12.660	11.249	11.465	8.901	807	0'317	12.938
Mat. transp.	57.738	78.511	112.333	103.439	45.274	17.093	0'795	130.737
Peletería	2.590	1.911	1.852	2.014	2.539	-179	0'464	1.645
Textís	1.981	2.602	3.718	5.331	617	1.117	0'962	6.200
Outras manufacturas	2.126	2.626	2.783	3.766	1.556	508	0'91	4.094
Enerxía	26.684	27.706	25.121	15.381	32.848	-3.650	0'692	14.599
TOTAL	207.954	246.389	278.391	265.589				300.805
IMPORTACIÓN								
SECTOR	DATOS REAIS				REGRESIÓN			ESTIMACIÓN
	1988	1989	1990	1991	CTE.	PTE.	R <sup>2</sup>	
	85.241	86.717	91.967	111.571	72.814	8.423	0'8017	114.933
Prod. agrícolas	15.565	22.299	24.741	25.145	14.142	3.118	0'8256	29.733
Mat. primas	14.086	16.669	16.512	20.902	11.970	2.028	0'8556	22.114
Ind. química	21.073	17.542	21.353	18.965	20.361	-251	0'032	19.105
Metais	1.937	2.472	2.449	2.868	1.739	276	0'8786	3.124
Outras semimanufact.	38.511	51.482	58.962	66.368	31.068	9.104	0'9782	76.593
Maquinaria	30.846	52.515	53.353	57.672	28.268	8.131	0'7593	68.925
Mat. transporte	2.764	2.463	1.766	1.635	3.178	-408	0'9399	1.136
Peletería	5.387	8.697	11.677	17.738	866	4.003	0'9700	20.883
Textís	3.880	5.215	39.222	8.519	2.229	4.792	0'1358	26.189
Outras manufacturas	72.849	90.228	92.994	89.192	73.367	5.179	0'5373	99.264
TOTAL	292.144	356.302	415.000	420.575				481.999

**Gráfico 3**  
TENDENCIAS SECTORIAIS

### IMPORTACIÓN




### EXPORTACIÓN




**Gráfico 3 (continuación)**  
**TENDENCIAS SECTORIAIS**


**IMPORTACIÓN**




**EXPORTACIÓN**




**SEM I MANUFACTURAS**




**SEM I MANUFACTURAS**



**MANUFACTURAS**




**MANUFACTURAS**



**Gráfico 3 (continuación)**  
TENDENCIAS SECTORIAIS

### IMPORTACIÓN



### EXPORTACIÓN










Gráfico 3 (continuación)  
TENDENCIAS SECTORIAIS


IMPORTACIÓN




EXPORTACIÓN



ENERXIA



ENERXIA



Neste apartado imos analizar en maior profundidade a tendencia exportadora dos distintos capitais que componen o noso arancel de aduanas, co obxectivo de determinar cales son os sectores máis competitivos (sectores en auxe) e, pola contra, que sectores están perdendo competitividade no ámbito internacional (sectores en declive). Para iso efectuamo-la regresión dos 99 capítulos arancelarios, e determinamos aqueles que teñen un crecemento ou un decrecemento maior en relación á *media* do sector, baseándonos na comparación das correspondentes pendentes obtidas das rectas de regresión.

A comparación destes resultados suscita unha serie de problemas, principalmente ligados

á obtención dunha recta de regresión *media* do sector, xa que:

a) O capítulo arancelario 87 "Automoción" supón un 31% do total exportados nestes catro anos, o que implica un peso excesivo que fai depender calquera media simple da evolución deste sector, desvirtuando o resultado así obtido e distorsionando o efecto comparativo buscado.

b) Dos 98 capítulos restantes, soamente 29 teñen un volume superior ó 0'2% do total. Os outros 69 capítulos supoñen, en conxunto, tan só o 2'25% do total, polo que poden considerarse *non significativos*.

CADRO 13

CAPÍTULO ARANCELARIO	DATOS REAIS					REGRESIÓN			
	1988	1989	1990	1991	TOTAS	%	CTE.	PTE.	R <sup>2</sup>
Carne e miúdos	2	2.359	3.738	5.731	6.036	17.864	2'681	1.209'48	1.302'57
Peixe, crustáceos e outros	3	14.908	15.080	21.234	25.453	76.675	11'509	9.721'01	3.779'09
Leite, ovos, mel, etc.	4	4.358	6.462	1.520	1.274	13.613	2'043	6.951'45	-1.419'24
Froitos comestibles	8	792	478	591	473	2.333	0'350	794'18	-84'34
Graxas e aceites	15	753	1.055	998	488	3.293	0'494	1.036'15	-85'12
Preparados de carne, peixe, etc.	16	5.220	6.545	6.395	8.107	26.267	3'943	4.438'64	851'21
Sal, pedras, cales, cemento	25	7.714	7.996	8.125	7.850	31.685	4'756	7.786'90	53'71
Combustíveis minerais	27	26.685	27.707	25.121	15.381	94.894	14'243	32.847'56	3.649'64
Productos químicos inorgánicos	28	7.369	6.645	7.520	6.245	27.779	4'170	7.568'59	-249'55
Productos químicos orgánicos	29	942	1.877	1.647	1.689	6.155	0'924	1.036'53	200'91
Pinturas, vernices e derivados	32	419	493	520	579	2.011	0'302	375'69	50'84
Outros produtos químicos	38	996	698	753	718	3.164	0'475	985'66	-77'83
Plásticos	39	1.088	1.453	1.621	1.725	5.888	0'884	952'23	207'87
Peles e coiros	41	2.435	1.662	1.586	1.368	7.051	1'058	2.582'37	-327'84
Madeira	44	8.170	8.266	10.009	9.417	35.862	5'383	7.594'57	548'35
Pasta de madeira e celulosa	47	7.512	6.947	6.295	6.932	27.686	4'156	7.519'90	-239'38
Papel e carbón	48	570	581	458	549	2.158	0'324	585'81	-18'55

CAPÍTULO ARANCELARIO	DATOS REAIS						REGRESIÓN		
	1988	1989	1990	1991	TOTAIS	%	CTE.	PTE.	R <sup>2</sup>
Fibras, fios, cordoería	56	528	629	459	509	2.125	0'319	58796	-22'67
Prendas de vestir de punto	61	331	438	638	957	2.365	0'355	71'88	0'95
Outras prendas de vestir	62	829	1.242	2.324	3.215	7.609	1'142	-157'94	0'97
Manufacturas de pedra	68	14.232	16.509	16.950	16.494	64.185	9'634	14.239'01	722'85
Cerâmica	69	1.644	1.315	1.349	1.427	5.735	0'861	1.588'27	-61'81
Fundição ferro	72	4.814	6.324	7.231	5.682	24.051	3'610	5.134'82	351'22
Manufacturas da fundição	73	2.130	1.639	1.358	2.248	7.374	1'107	1.825'11	7'40
Alumínio e manufaturas	76	19.474	22.281	17.275	16.405	75.434	11'323	22.411'61	-1.421'21
Máquinas e aparelhos mecânicos	84	4.923	8.551	6.331	6.992	26.797	4'022	5.702'73	398'64
Máquinas e material eléctrico	85	3.380	4.109	4.918	4.473	16.880	2'534	3:198'07	408'81
Buques, barcos, etc.	89	2.822	11.457	11.473	16.573	42.325	6'353	263'74	4.126'97
Mercadorias diversas	99	1.365	1.724	1.552	2.327	6.969	1'046	1.063'66	271'41
TOTAL AXUSTADO	148.758	173.901	171.982	171.586	666.228	100'00	12.082'25	187977	0'71
TOTAL	207.954	246.389	178.391	265.589	998.324				

Por estas razóns e a efectos de poder realizar comparacións más fiables entre os resultados obtidos nos distintos capítulos arancelarios, determinamos unha regresión *media axustada* na que se ponderou cada capítulo de acordo co volume que representaba sobre o total, excluíndose dos cálculos o capítulo 87 "Automoción" e os 69 capítulos con volumes inferiores ó 0'2% do total.

O Cadro 13 recolle os resultados que se obtiveron destas operacións.

Nel pódese observar como existen unha serie de capítulos arancelarios con pendentes moi superiores á *media axustada* do sector, o que é un claro expoñente da súa maior competitividade (capítulos 2 Carne e miúdos, 3 Peixe, 89 Buques e barcos, etc.). Pola contra, outros capítulos presentan pendentes inferiores á media, e inclusive negativa, reflexo do seu declive ante os demais (76 Aluminio; 4 Leite, ovos e mel; 27 Combustibles minerais, etc.).

## 5. CONCLUSIÓN

A situación actual do Sector Exterior Galego é claramente negativa, caracterizándose polo estanamiento do noso comercio exterior, un crecente déficit comercial e un elevado grao de concentración en tó dolos seus ámbitos.

A análise da súa evolución máis recente e a comparación co marco de referencia español, tampouco son moi alentadoras. Por unha parte,

o noso *índice de apertura* é ainda moi inferior á media nacional e o mesmo pódese dicir da nosa *taxa de cobertura*.

Por outra parte, a medida que a nosa economía ábrese cara o exterior a situación da nosa balanza comercial vai empeorando, expoñente claro dun crecemento desequilibrado no noso comercio exterior.

A análise desta evolución permítenos extrapolar unha tendencia que, neste caso, apunta cara o incremento do desequilibrio comercial, cun crecente déficit comercial e unha menor taxa de cobertura.

Unha análise más desagregada permítenos observar que o grao de competitividade e, en consecuencia, a evolución comercial varía duns sectores a outros, o que permite apuntar unha serie de sectores exportadores en "auxe" e en "declive", o que, en definitiva, reflícte como se adapta o noso sector exterior ó continuo proceso de especialización comercial que sofre a economía internacional.

En síntese, podemos concluír dicindo que a evolución e a tendencia actual do noso comercio camiña cara a un crecente desequilibrio comercial, polo que se fai necesario toma-las medidas que conduzan ó cambio desta tendencia favorecendo, en todo caso, o proceso de adaptación da nosa economía á dinámica do contorno internacional, mostrando a distinta situación competitiva dos distintos sectores exportadores galegos.